


# **RESERVA DE PRAZAS PARA ESCOLAS DEPORTIVAS DE PISCINA E PAVILLÓN A XUNQUEIRA CURSO 21-22**



**Reserva do 7 de xuño ao 6 de xullo**

no Pavillón da Xunqueira  
para alumnado matriculado no mes de maio

**Solicitar cita previa a partir do 1 de xuño**

no telf. 981 492 804 / 607 626 812 / 981 340 936  
de luns a venres de 9:00 a 14:00 h e de 16:00 a 21:00 h.



O alumnado de Fene poderá realizar a súa reserva entre o 7 e o 18 de xuño

O alumnado de fóra de Fene e de Fene poderá realizar a súa reserva do 21 de xuño ao 6 de xullo.



**HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO**

- DE LUNS A VENRES 9:00 A 14:00 H.
- MÉRCORES DE 16:00 A 18:50 H.



# Reserva de prazas para escolas deportivas de piscina e pavillón A Xunqueira Curso 21-22

## Documentación a presentar

- Carné de usuario/a
- Para quen desexe domiciliar o pagamento trimestral, chegar un recibo do banco co IBAN e os 20 díxitos da conta.

## NORMATIVA XERAL

Todo o alumnado matriculado no mes de maio (que non teña cotas pendentes de pagamento nin deste curso nin de cursos anteriores), poderá facer a reserva de praza na escola na que estaba matriculado, no mesmo grupo e no mesmo horario no que estaban matriculados no presente curso, agás aqueles que por idade ou por nivel cambien de grupo; neste caso terá que escoller novo horario.

As persoas que o desexen poderán facer a reserva de tódalas persoas integrantes da súa unidade familiar (sempre que sexan alumnado de escolas deportivas durante o mes de maio) e de dúas persoas alleas á mesma (sempre e cando estas dúas persoas non vaian domiciliar o pagamento, xa que para domiciliar é preciso que asine o titular da conta).

Finalizado o prazo de reserva, se non se formalizou a dita reserva, esas prazas quedarán libres para cambios solicitados no periodo de inscrición (no mes de setembro) por persoas usuarias ou novas matriculacións.

## PAGAMENTO DAS COTAS

**RENOVACIÓN MENSUAL:** Os/As usuarios que opten por esta modalidade de pagamento terán que pagar a cota correspondente ao mes de outubro do 13 ao 26 de setembro. Deberán retirar o recibo no pavillón da Xunqueira nas mencionadas datas.



**DOMICILIACIÓN BANCARIA:** Para domiciliar o pagamento, que será trimestral, haberá que cubrir a orde de pagamento, o que implicará a matriculación na actividade para o curso 2021-2022. No caso de tramitar a baixa terán que facelo antes do comezo do curso, o 1 de outubro.

## ANOS DE NACEMENTO NAS ESCOLAS DA PISCINA

Natación de bebés: 2019 - 2020 -2021

Natación 1ª Infancia: 2016 - 2017 - 2018

Iniciación Infantil: 2009 a 2015

Perfeccionamento Infantil: 2009 a 2015

Natación Xuvenil: 2004 a 2008

Natación para Adultos: 1955 a 2003

Natación 3ª Idade: 1956 e anteriores

